

PREGUNTAS

- ¿Que actuacións levou a cabo cas peticións presentadas polo noso grupo municipal dende que se iniciou esta legislatura (limpezas e desbroces no rural, reclamacións de Follente, problemas de alumeadado, limpezas fincas municipais, petición do GES, etc.), xa que no recibimos resposta ningunha, e están practicamente todas sen atender?.

- ¿Que xestión fixo neste mes en relación ca recalificación dos terreos para a ampliación do Instituto e a merca dos terreos necesarios?

- ¿Cal é a situación actual do alumeadado público?, levamos varos meses con problemas, esta semana Veigas de Almorzar, aparcadoiro da Tafona, Tibo, Reirís, etc. ¿Cando pensa rematar con estes problemas? ¿Por qué se contratan empresas externas para solucionar os problemas de iluminación en algúns lugares, por non chegar os medios humanos existentes no Concello (só temos un electricista, e está a tempo parcial) e noutros lugares levan meses con problemas e non se arranxan?.

- ¿Por qué están se pagar a día de hoxe a maioría das actuacións das festas patronais de agosto de 2019? ¿Cómo se poden contratar actuacións sen partida orzamentaria? Por certo, nos gustaría dispor das contas das Festas Patronais do ano pasado e tamén das do 2018 que se comprometeu a entrega e día de hoxe seguimos sen elas.

1

- ¿Con que recursos conta Vostede cubrir a aportación de Agader para a reforma do edificio da antiga fundación comarcal se se perde definitivamente por non cumprir o prazo, xa prorrogado, do 31/12/2019 para o seu remate?

- ¿Como é posible que Vostede asinara o 11/12/2019 a devolución da garantía de 2.480,71 euros a Pablo Valiñas Monteagudo desaparecido xerente de Nexia Infraestructuras SL, empresa que deixa sen cobrar a traballadores e provedores, e que fixo unha desfeita de obra na rúa Loureiros (esta fianza corresponde a esta obra), unha obra a que Vostede tiña que abrirlle expediente por deficiencias xa que tivo que ser cortada fai poucos meses para ser reparada e está en absoluta descomposición, losas e adoquíns soltos, tapas de alcantarilla que se levantan, losas que en lugar de repoñerse se enchen de cemento, etc.?

ROGOS

- Que se coloque un punto de luz no lavadoiro de Cesar.
- Que se limpen todos os rexistros de recollida de pluviais do casco urbán, están practicamente todos cheos de sedimentos e cando caen catro gotas non recollen a agua.



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>




<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

- Temos un déficit importante en cando a accesibilidade do noso Pobo para as persoas con mobilidade reducida, pero o que é urxente é que na zona de aparcadoiro da Piscina Antía García se sinalice, cando menos nas datas de competición, una praza de aparcamento para vehículos adaptados ou de persoas con mobilidade reducida, posto que participan nas competicións e non teñen onde aparcarse.
- As cunetas dos viais das nosas parroquias precisan unha limpeza en xeral, xa que se atopan en moi mal estado, e cas chuvias temos os viais nun estado lamentable, pero especialmente grave e o estado das cunetas situadas dende o colexio o Camiño Francés e tamén na subida o Coto en Godos, o pasar a ponte da vía do tren ao Mimoso, xa que as últimas choivas provocaron o asolagamento do garaxe da vivenda de D.Felix Fontán no Regengo. (Dispoñemos de fotos).



2

- Que se coloque un espello no entronque da rúa Pepe Rada con A Veiga, xusto diante de Villa Augusta, posto que a rúa que une Pepe Rada con Loureiros e de dobre sentido de circulación e algunhas veces os vehículos se atopan no cruce co enorme perigo duna accidente.
- Que se coloque un punto de luz no Alto do Pazo no Camiño de Santiago, xa que existe un tramo con serias deficiencias de iluminación.
- No Camiño Francés o regato que baixa pola zona norte do aeródromo está completamente atascado no seu paso por debaixo do viario, impedindo a circulación de vehículos e veciños, pregamoslle que faga unha actuación de inmediato.
- Se arranxe a ponte na entrada da pista de Currás que se atopa nun estado lamentable xa que a tubería sobre a que se asenta non ten capacidade para tanta agua, especialmente dende que as augas de pluviais da N640 se dirixiron cara alí. Estes días o vehículo dun veciño con mobilidade reducida quedou



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

atrapado nese punto e por pouco temos unha desgracia. Vostede xa sabe do problema porque estivo alí e incluso a Comunidade de Montes se ofreceu a colaborar para esta reforma, e a Dirección Xeral de Estradas non pon impedimento. (Dispoñemos de fotos).

3



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620



4



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620